


A empresa ignora a solicitude de reunión presentada polas representantas das traballadoras

A empresa ignora a solicitude de reunión presentada polas representantas das traballadoras



[1]

22/10/09.

O pasado mes de setembro puxémonos en contacto co departamento de RRHH para que acordaran a data dunha nova reunión. Na mesma pretendíamos tratar varios temas que seguen sen solucionar desde a derradeira xuntanza, como poden ser as ampliacións de xornada sen cotizar, a realización do curso de prevención de riscos laborais, os excesos de horas no calendario anual de 2009 e a súa compensación (economicamente ou en descanso), etc.

Outro dos fins que tiña a reunión era facer chegar á empresa todas as propostas novas que as compañeiras foron aportando durante estes meses.

A día de hoxe non recibimos resposta por parte da empresa, que xa nos ten acostumadas a este tipo de condutas pasivas. Seguiremos insistindo en que se leve a cabo a reunión porque consideramos prioritario solucionar todas as cuestións que veñen de atrás e tamén para que todas as ideas que nos chegaron sexan escoitadas.

Ligazóns:

[1] <http://cigservizos.org/node>